



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DE ALCALDÍA DATAS PARA A DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2018.-

Pendente de publicarse no Diario Oficial de Galicia o Calendario Laboral para o ano 2018 na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: “ *serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*”.

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Propoñer como FESTAS LOCAIS para o ano 2018, o día 20 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros e o día 17 de setembro, Luns do Nazareno.

Segundo: Dar traslado do acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o seu coñecemento e efectos.

A Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital,

O Alcalde,